



DECRETO Instruccions para a aplicación da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público determinou distintas obrigas para as administracións públicas, entre as que se atopa o establecemento do punto xeral de entrada de facturas electrónicas.

Para dar cumprimento a citada obriga o Concello de Sada adoptou os seguintes acordos:

1. Adhesión do Concello á plataforma electrónica “FACE-punto general de entrada de facturas electrónicas” da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través de Decreto de alcaldía 19/2015 de 8 de xaneiro de 2015.
2. Alta no Directorio Común de Unidades Orgánicas e Oficinas (DIR3) do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas das distintas unidades do Concello de Sada cos seguintes códigos:
 - a. L01150755 Concello de Sada
 - LA0004371 Goberno municipal
 - LA0004373 Administración xeral
 - LA0004374 Servizos económicos
 - LA0004375 Oficiña contable
 - LA0004382 Policía Local
 - LA0004385 Servizo Municipal de Emerxencias
 - LA0004387 Urbanismo e infraestruturas
 - LA0004388 Servizos de mantemento
 - LA0004390 Servizos sociais
 - LA0004391 Educación
 - LA0004392 Cultura
 - LA0004393 Deporte
 - LA0004394 Promoción económica
 - LA0004396 Turismo

Á vista do exposto procede agora determinar algunhas normas complementarias para o axeitado funcionamento do Rexistro de Facturas e a idónea tramitación das mesmas en condicións de eficacia e seguridade xurídica. En consecuencia

RESOLVO:

1. O punto xeral de entrada de facturas electrónicas dirixidas ao Concello de Sada é o configurado na plataforma electrónica “FACE: Punto General de entrada de Facturas Electrónicas” da Secretaría de Estado das Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
2. O Rexistro Contable de Facturas do Concello de Sada é único e está xestionado polo Servizo de Contabilidade adscrito á intervención municipal, a quen corresponde a función contable segundo o establecido na normativa local estatal básica. O código DIR3 do dito servizo é LA0004375: Oficiña contable.
3. O órgano xestor a efectos FACE para a aprobación de expedientes de gasto será Concello de Sada, con código DIR3 L01150755
4. As unidades tramitadoras do Concello de Sada a efectos FACE serán as seguintes:
 - a. LA0004371 Goberno municipal
 - b. LA0004373 Administración xeral
 - c. LA0004374 Servizos económicos
 - d. LA0004382 Policía Local
 - e. LA0004385 Servizo Municipal de Emerxencias
 - f. LA0004387 Urbanismo e infraestruturas
 - g. LA0004388 Servizos de mantemento
 - h. LA0004390 Servizos sociais
 - i. LA0004391 Educación
 - j. LA0004392 Cultura
 - k. LA0004393 Deporte
 - l. LA0004394 Promoción económica
 - m. LA0004396 Turismo
5. As facturas expedidas para a súa tramitación polo Concello de Sada deberán conter os datos ou requisitos previstos nas normas de xeral aplicación e ademais deberán expresar a seguinte información:
 - a. Órgano xestor: Concello de sada
Código DIR3: L01150755
 - b. Oficiña contable: Oficiña contable
Código DIR3: LA0004375
 - c. Unidade tramitadora: A que proceda das seguintes:
Goberno municipal



Código DIR3: LA0004371
Administración Xeral
Código DIR3: LA0004373
Servizos económicos
Código DIR3: LA0004374
Policía Local
Código DIR3: LA0004382
Servizo Municipal de emerxencias
Código DIR3: LA0004385
Urbanismo e infraestruturas
Código DIR3: LA0004387
Servizos de mantemento
Código DIR3: LA0004388
Servizos sociais
Código DIR3: LA0004390
Educación
Código DIR3: LA0004391
Cultura
Código DIR3: LA0004392
Deporte
Código DIR3: LA0004393
Promoción económica
Código DIR3: LA0004394
Turismo
Código DIR3: LA0004396

6. De conformidade co establecido na disposición adicional trixésimo terceira do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o contratista debe presentar a factura no rexistro xeral do Concello de Sada, directamente (presentación en papel) ou a través do Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas FACE(presentación en formato electrónico)
No caso de facturas en papel a oficinas de rexistro verificará que a mesma contén os datos identificativos sinalados no apartado quinto e a remitirá á oficina contable.
7. En aplicación da Lei 25/2013 de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público todos os provedores do Concello de Sada poderán facer uso da factura electrónica nos termos previstos na presente resolución. En calquera caso quedan obrigadas ao uso da factura electrónica e a súa presentación a través do Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas FACE as entidades recollidas no artigo 4 da dita Lei 25/2013.
Non obstante o dito as facturas que non superen os 5.000 € (IVE excluído) quedan excluídas da obriga de facturación electrónica aínda que sexan emitidas por entidades obrigadas ao seu uso.